



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E UN DE OUTUBRO DE 2021 CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Vogais: D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
SECRETARIO: D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día vinte e un de outubro de dous mil vinte e un, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (07/10/2021).

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día sete de outubro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Comunicación de obra de don José Manuel Cutrín Suárez. (Expediente núm. 2021/U026/000033)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Manuel Cutrín Suárez para obras de acondicionamento en canal de rega e acondicionamento de muro medianil en Marzán de Arriba, 9 (Vedra).

Dáse conta da autorización outorgada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 13/10/2021, Expediente: 1449/21. Dáse conta tamén da declaración responsable trasladada por Augas de Galicia, expediente clave: DH.W15.77527.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 000802700NH43E0001MX, emprazada en Marzán de Arriba 9 – Vedra, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como dos Núcleos rurais (N-1), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada, aos datos comunicados e ás autorizacións emitidas.



Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.2.- Comunicación de obra de dona Alicia Simeao Vilas. (Expediente número 2020/U026/000062)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Alicia Simeao Vilas para construción de peche de parcela de 350 metros de lonxitude. Recuarase 6 metros do eixe das vías municipais.

Dáse conta das autorizacións outorgadas pola Axencia Galega de Infraestruturas con data do 31/05/2021, expediente IF204A/AC/2021/0049, e da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia (AP-53), expediente L-AP53-0078.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre as parcelas con referencia catastral 15090A507007290000AK - 15090A507007280000AO, emprazadas en Canicoba – Ribadulla (San Mamede), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada, aos datos comunicados e ás autorizacións sectoriais emitidas.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento trinta e cinco euros con trinta e un céntimos (#135,31#).

2.3.- Comunicación de obra de dona Alicia Silva Martínez. (Expediente número 2021/U026/000080)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Alicia Silva Martínez para substitución da tella en edificación auxiliar, aproximadamente 100 m² de superficie, e encintar.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001100500NH43D0001JD, emprazada en Corbeixe, 2 – Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como dos núcleos rurais (N-1), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de noventa e catro euros con setenta e catro céntimos (#94,74#).

2.4.- Comunicación de obra de dona María Luisa Castro Souto. (Expediente número 2021/U026/000084)



Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona María Luisa Castro Souto para rehabilitación de vivenda consistente en retellar a cuberta.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001703300NH44A0001AE, emprazada en Nande, 51 – Sales (San Fins), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como de expansión dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.5.- Comunicación de obra de don Severiano Figueiras Rubio. (Expediente número 2021/U026/000093)

Dáse conta do citado expediente promovido por don Severiano Figueiras Rubio para rehabilitación de peche existente consistente en colocación de bloque, recebado e pintado, sobre base existente ata unha altura máxima de 1,50 metros, e valla de madeira diáfana ata unha altura total de 1,80 metros. A lonxitude será de dous tramos lonxitudinais de 5 e 10 metros.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090B501010400001YB, emprazada en Laraño, 52 – Sales (San Xián) e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.6.- Comunicación de obra de don Jesús Rey Castro. (Expediente número 2021/U026/000097)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Jesús Rey Castro para conservación de muro de pedra existente, de aproximadamente 80 metros de fronte, consistente en recolocar pedras caídas.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A505006580001SR, emprazada en Gatente, 27 – Trobe (San Andrés), cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:



Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.
Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta e sete euros con noventa e dous céntimos (#57,92#).

2.7.- Autorización de ocupación do dominio público.

Dáse conta do expediente municipal número 2021/U026/000094 tramitado a instancias Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación de poste de madeira, tipo 8E, de oito metros de altura. REF: 8263395_3541707. en Neira de Arriba - Ribadulla (San Mamede), nos termos da documentación técnica achegada de data 18/08/2021 e número de proxecto 8263395.

Dáse conta do expediente municipal número 2021/U026/000095 tramitado a instancias de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalar un poste de madeira, tipo 8E, na vía pública REF: 8260576_3545957 en Fontao (Vedra), nos termos da documentación técnica achegada de data 27/08/2021 e número de proxecto 8260576.

Dáse conta do expediente municipal número 2021/U026/000096 tramitado a instancias de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación de dous postes de madeira. REF: 8260505_3546776 en Picón - Vilanova (San Pedro), nos termos da documentación técnica achegada de data 30/08/2021 e número de proxecto 8260505.

As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido dos expedientes, acorda:

Primeiro.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada en cada un deles.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaríanse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.



Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública, estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.

Así mesmo, deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente a obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente.

3º.- Aprobación gastos de persoal

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a providencia da Alcaldía, de data de hoxe, de fondo social, e quilometraxe e asistencias de traballadores municipais, por importe de 10.973,54 euros e aprobar gastos por liquidacións practicadas a persoal externo por importe bruto de 2.964,78 euros.

4º.- Aprobación indemnizacións por asistencias aos membros da corporación do 3º trimestre de 2021.

Vista a relación de asistencias dos membros da corporación aos plenos, xuntas de goberno e comisións informativas celebradas do 1 de xullo ao 30 de setembro de 2021 e vistas as liquidacións practicadas por asistencias a mesas, xornadas, comisións avaliadoras, dietas e desprazamentos conforme aos importes establecidos nas bases de execución do orzamento, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Recoñecer a obriga das liquidacións dos/as concelleiros/as da Corporación correspondentes ao 3º trimestre de 2021 por importe bruto de 6.223,93 euros.

Segundo: Ordenar o pagamento das cantidades líquidas aos/ás concelleiros/as facendo os ingresos nas contas postas a disposición polos/as interesados/as.

5º.- Aprobación asignacións aos grupos políticos municipais do 3º trimestre de 2021

Visto o disposto na base 33 das bases de execución do orzamento municipal, na que se establece unha asignación económica por importe de 30,00 € mensuais por cada concelleiro/a que forme parte dos grupos políticos nos que se constitúe a corporación municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar as seguintes asignacións económicas aos grupos políticos da corporación correspondentes ao 2º trimestre de 2021:

Grupo municipal do BNG de Vedra	180 €
Partido socialista de Galicia- PSOE Grupo Municipal de Vedra	270 €
Grupo municipal de Vedra- Partido Popular	720 €



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Segundo.- Ordenar o seu pagamento.

6º.- Outros asuntos.

Non se presentan.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e corenta minutos.